

**II PLAN DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE
MULLERES E HOMES DE
VERÍN
(2004-2007)**

Edita:

Concellería de Sanidade, Servizos Sociais e Política de Igualdade. Concello de Verín.

Concelleiro:

- **Francisco Alfredo Pardo Cáceres.**

Dirección, redacción e coordinación:

- **Carmen Serrano Fernández**, directora do CIM.
- **Mónica Reinaldo Lusquiños**, axente de igualdade de oportunidades, responsable do proxecto Promociona, en Ourense.
- **Pilar García Alonso**, asesora xurídica do CIM.
- **Rosa Pinza Vidueira**, técnica superior en integración social, en prácticas.
- **Suevia Barreira Vivión**, educadora social, en prácticas.

Deseño: Goro Díaz.

Imprime: Imprenta Dixital

NOVEMBRO 2004

DL:

VG:

ISBN:

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	7
BREVE ANÁLISE DO I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES.....	17
II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DE VERÍN	
1. INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.....	21
2. SAÚDE.....	25
3. EDUCACIÓN.....	31
4. CULTURA.....	37
5. BENESTAR SOCIAL.....	41
6. TRABALLO.....	45
7. URBANISMO E MEDIO AMBIENTE.....	49
8. DEPORTES.....	53
9. CONCELLO.....	57
10. INMIGRACIÓN.....	61
POSTA EN MARCHA, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	63

INTRODUCCIÓN

Estamos xa no século XXI e seguimos tendo como reto a consecución do principio de igualdade de oportunidades. No mundo occidental, a análise da situación di que non se produciron os resultados esperados. A desigualdade séguese mantendo, a pesar de que a lexislación vixente ampara as mesmas oportunidades para mulleres e homes.

Existen uns obstáculos reais que impiden a participación plena das mulleres no ámbito público. O papel social que se lles asigna a estas fai que continúen asumindo, maioritariamente, as responsabilidades familiares e domésticas, o que supón unha limitación á hora de actuar activamente na nosa sociedade e unha perda para o ben común.



Por todo isto, segue sendo necesario que se desenvolvan accións positivas nas políticas públicas e, máis concretamente, no ámbito municipal, que contribúan a eliminar eses obstáculos reais que impiden unha participación equilibrada e responsable de mulleres e homes, tanto no ámbito público coma no privado.




O Concello de Verín, a través da Concellería de Sanidade, Servizos Sociais e Políticas de Igualdade, e contando coa achega do Centro de Información á Muller, asociacións de mulleres e colectivos que dinamizan a vida social, política e cultural e a poboación en xeral, elaborou o II Plan de Igualdade (2004-2007) para esta vila e os seus habitantes, co fin de proseguir no camiño andado, xa comezado anteriormente co I Plan de Igualdade do 2001.




Con este documento, preténdese avanzar e afondar nos cambios sociais que contribúan a facer realidade o principio de igualdade entre mulleres e homes no contexto do noso concello e a implicación de organismos públicos e organizacións sociais na aplicación das políticas de xénero.

Preténdese, en fin, que o colectivo masculino sexa copartícipe. Porque o beneficio é mutuo. E a implicación deste sector da poboación é imprescindible para que a igualdade cruce a fronteira da teoría á práctica.


Este segundo plan parte dunha realidade concreta e o seu cometido é darlles resposta ás necesidades detectadas, así coma a outras, máis xeneralizadas, que afectan a poboación feminina. Mostramos o resultado dunha enquisa que se lle realizou á poboación de Verín (dende o Centro de Información á Muller) no 2004.









¿Coñece as asociacións de mulleres da zona? ¿E as actividades que realizan?




¿Participa nalgunha actividade promovida dende o Concello de Verín?




¿Cre que cambiou a situación da muller respecto da do home na realización das tarefas domésticas?




¿Cre que cambiou a situación da muller respecto da do home na crianza e educación das/os fillas/os?




¿Cre que cambiou a situación da muller respecto da do home no acceso ao emprego?




¿Cre que cambiou a situación da muller respecto da do home no acceso a postos de responsabilidade política?




¿Cre que cambiou a situación da muller respecto da do home na promoción profesional no traballo?






¿Cre que cambiou a situación da muller respecto da do home na liberdade para saír da casa?



¿Cre que cambiou a situación da muller respecto da do home no acceso á educación?





Para este segundo plan, tamén se tiveron en conta os fenómenos sociais, que non só afectan a nosa localidade, como son a violencia de xénero, a feminización da pobreza e as dificultades para acceder e para manterse no mercado laboral das mulleres.

Tamén se constatou a nova realidade de Verín, a heteroxeneidade da poboación, en canto que é unha localidade multirracial, onde se fai necesaria a interculturalidade e o respecto polas diferenzas.

Nace, en definitiva, da convición de que as políticas de igualdade benefician ó conxunto da poboación e son necesarias para avanzar cara a unha sociedade que poida cualificarse como democrática e xusta.

BREVE ANÁLISE DO I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES

No concello de Verín produciuse un aumento de poboación dende o 2001, ano no que se elaborou o I Plan de Igualdade, ata o 2004.

	2001	2004
MULLERES	6.782	7.100
HOMES	6.343	6.599
TOTAL	13.125	13.699

Este aumento reflectiuse nun cambio das estruturas existentes no municipio. Por isto, é axeitado analizar o traballo que se realizou no primeiro plan, segundo as áreas que estaban marcadas.

- **Área de emprego e formación**

Mellorouse a bolsa de emprego e formación do Centro de Información Municipal á Muller, dende onde se derivan as mulleres a diferentes cursos ocupacionais e a ofertas laborais.

Ademais, nos anos 2003 e 2004 levouse a cabo o proxecto Promociona que traballa con mulleres, tanto desempregadas como activas, do concello de Verín en cursos ocupacionais do Ministerio de Traballo, moi específicos e de reciclaxe.

Estanse realizando convenios co Instituto da Muller para a continuidade do Centro de Teleservizos e para poder ofrecer cursos de informática a diferentes niveis.

Outro dos actos máis relevantes levouse a cabo o 8 de marzo (Día Mundial da Muller Traballadora) onde, co lema Emprega en igualdade, se informou os/as empresarios/as, durante unha semana enteira dende a radio local, das diferentes vantaxes da contratación de mulleres, así como con folletos divulgativos.

Mediante o programa de voluntariado de Femuro de atención a mulleres con cargas familiares, moitas mulleres puideron buscar e atopar emprego ou formarse, mentres os/as nenos/as eran atendidos/as.

Os novos núcleos de emprego (ecoloxía, artesanía...) son ocupados aínda timidamente por mulleres, pero si que se incrementou a presenza feminina nos novos contratos do concello, a través do plan Labora e incluso se incorporaron en postos de longa tradición masculina como é, por exemplo, a xardinería.

- **Área de educación e cultura**

As mulleres de Verín de mediana idade son as que ocupan case todas as prazas dos programas de alfabetización e educación de adultas/os.

Dende o Centro de Información Municipal á Muller traballouse con diferentes obradoiros de coeducación e igualdade entre homes e mulleres en diferentes colexios públicos de primaria e en institutos de secundaria, non só co alumnado senón tamén co profesorado e con nais/pais, aínda que estes últimos non estaban tan implicados/as.

- **Área sanitaria**

Aínda que existen maior número de campañas de prevención e información sobre enfermidades que afectan maioritariamente as mulleres, segue deficitario o Servizo de Xinecoloxía da Fundación Hospital Verín e quizais se debería traballar máis sobre planificación familiar.

A saúde mental tamén é algo preocupante, xa que a unidade da Fundación Hospital Verín conta con pouco persoal.

Sobre a violencia de xénero, aos/ás médicos/as (unha das moitas partes implicadas) séguelles custando especificar nos partes os motivos das lesións.

- **Área social**

O I Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres deulle a oportunidade ás mulleres da comarca de coñecer máis os recursos sociais existentes para mellorar a súa situación económica, familiar, laboral..., en coordinación cos servizos sociais do Concello de Verín e os da mancomunidade.

Tamén existe unha boa coordinación con entidades sen ánimo de lucro que traballan pola igualdade, así como institucións públicas onde os pasos son máis pequenos pero constantes.

Ainda custa que as mulleres ocupemos postos de responsabilidade a nivel empresarial e político.

II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DE VERÍN

1. INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Mentres exista unha muller que sufra discriminación por razón de sexo no terreo laboral, social, político ou persoal, deberán existir os organismos de igualdade, as accións positivas e os centros de información, apoio e asesoramento.

Na actualidade, a muller avanzou en canto á súa incorporación ao mundo do traballo remunerado, pero a un ritmo moito máis rápido que o home en canto á asunción das tarefas domésticas e do coidado dos fillos e fillas e das persoas dependentes. As mulleres que traballan fóra do fogar sofren a dobre xornada, que ocasiona problemas persoais, familiares e sociais. A sociedade organizouse de xeito que as mulleres non traballen fóra do fogar e se adiquen de cheo ás súas "obrigas familiares". O traballo no fogar non é valorado. As mulleres perden a súa autoestima, a violencia dentro do fogar repítese cada ano..., así como o número de mulleres na busca de apoio emocional.

É fundamental a implicación dos homes a prol da igualdade de oportunidades.

Reclamar a igualdade é de xustiza.

Obxectivo xeral

Sensibilizar a poboación de Verín sobre a discriminación que sofren as mulleres e a necesidade de crear un novo modelo de sociedade no que as mulleres e os homes sexan iguais respectando as diferenzas individuais como persoas e desenvolver e pór en práctica a corresponsabilidade en todos os ámbitos, coordinando a posta en marcha, seguimento e avaliación deste II Plan de Igualdade.

Obxectivos específicos

Obxectivo 1

Darlle a coñecer á poboación de Verín as discriminacións por razón de sexo que sofren as mulleres na actualidade, fomentando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- **Accións:**

- Planificación de campañas que amosen as discriminacións que sofren as mulleres, segundo ámbitos —laboral, doméstico, social...—, en datas como o 8 de marzo (Día Internacional da Muller Traballadora), o 25 de novembro (Día internacional para a eliminación da violencia contra a Muller), Festas Patronais, Igualdade en Festas...
- Programación de formación en igualdade de oportunidades e en perspectiva de xénero nos diferentes eidos da vida diaria: laboral, social, económico, sanitario, familiar, educativo...
- Organización de campañas sobre o repartimento de responsabilidades familiares con prácticas para o colectivo masculino: cursos de aprendizaxe de tarefas concretas, obradoiros sobre a igualdade, principios básicos en coeducación, cursos de cociña...
- Campaña de difusión da necesidade de aplicar medidas positivas en todas as áreas municipais e privadas.
- Difusión da existencia no municipio de convivencias diferentes: monomarentais, parellas de feito de igual e diferente sexo...
- Denuncia pública de todas as discriminacións que sofren as mulleres de Verín por razón de sexo.

Obxectivo 2

Fomentar o asociacionismo entre as mulleres de Verín.

- **Accións:**

- Programación de cursos, seminarios, xornadas... dedicadas ao asociacionismo, difundindo as súas vantaxes.

Obxectivo 3

Incorporar as mulleres á vida social e política de Verín.

- **Accións:**

- Potenciación dos recursos municipais existentes, como o Centro de Información Municipal á Muller.
- Fomento da flexibilidade horaria de todo tipo de servizos, tanto municipais como privados, para ter en conta as necesidades das mulleres e dos homes.

- Impulso e aplicación do II Plan de Igualdade de Oportunidades, así como a coordinación das diferentes áreas administrativas.

Obxectivo 4

Mellorar a atención integral prestada ás mulleres de Verín.

- **Accións:**
 - Dotación de recursos técnicos e humanos aos servizos de atención á muller.
 - Creación dun servizo de atención psicolóxica con perspectiva de xénero.

Obxectivo 5

Combater a violencia contra as mulleres que se produce en Verín.

- **Accións:**
 - Divulgación de todos os recursos existentes en Verín, en materia de violencia e malos tratos.
 - Deseño de campañas de sensibilización contra os malos tratos, potenciando a denuncia destes por ser un delito público e non privado.
 - Ampliación dos medios técnicos e humanos no tema dos malos tratos para unha mellor atención, en coordinación co resto de servizos.

2. SAÚDE

As mulleres morren menos que os homes e a súa morte ocorre en xeral a idades máis avanzadas. Pero isto non significa, necesariamente, que as mulleres gocen de mellor saúde que os homes, pois ao longo da vida sofren numerosas enfermidades e problemas que ás veces se se ven agravados pola dobre carga de traballo (no fogar e fóra del) e pola maternidade. O embarazo e o parto son procesos fisiolóxicos sans e normais, pero baixo condicións adversas como a pobreza, a desnutrición e o exceso de traballo, poden constituírse en problemas de saúde para a muller.

O papel que a sociedade lle outorgou á muller de cuidadora e axente de saúde de toda a familia, xunto co desigual repartimento das tarefas domésticas, que dá lugar á dobre xornada, repercute na muller en perda de saúde. É necesario reforzar os sistemas de prevención, adecuando a atención médica aos diferentes ciclos biolóxicos das mulleres e ás especificidades propias do seu sexo.

E debemos prestarlles especial atención ás secuelas e patoloxías non só físicas, senón sobre todo psicolóxicas, que teñen a súa causa directa nos malos tratos.

Na nosa comarca contamos cunha serie de recursos que cobren as necesidades sanitarias de Verín:

- Un centro de saúde.
- Un hospital, Fundación Hospital Verín, que ofrece atención en certas especialidades, mentres que para outras é necesario desprazarse a Ourense.
- O Servizo de Urgencias de carácter comarcal que presta servizo durante as 24 horas.
- Unha clínica privada, Cosaga, e varias clínicas dentais.

Pero todos estes recursos sanitarios non son suficientes para cubrir as necesidades sanitarias de toda a poboación e das mulleres, pois saúde non é o mesmo que medicina. Significa benestar non só físico, senón tamén emocional e social. E por iso mesmo, apuntamos unha serie de propostas que, de levárense a cabo, mellorarían notablemente a saúde da nosa comarca.

Obxectivo xeral

Garantir a atención sanitaria de todas as mulleres de Verín e adecuala ás especificidades propias do seu sexo e de cada idade, con especial atención ao grave problema dos malos tratos e á dobre xornada que sofren as mulleres traballadoras.

Obxectivos específicos

Obxectivo 1

Detectar os problemas de saúde laboral que se derivan da inserción marxinal da muller no mercado de traballo e da dobre xornada que afecta as mulleres traballadoras.

- **Accións:**
 - Organización de campañas de sensibilización e elaboración de documentación informativa, tanto para o persoal médico do Centro de Saúde e da Fundación Hospital Verín, como para as mulleres do municipio sobre os factores psicosociais derivados do traballo, para poder detectalos e catalogalos, se é o caso, como enfermidade profesional e non común.
 - Planificación de campañas de sensibilización destinadas a toda a poboación e formación, dirixida ao persoal médico do Centro de Saúde e da Fundación Hospital Verín sobre a dobre xornada (laboral, sexa remunerada ou de coidado de persoas dependentes e no fogar) e as consecuencias da perda de saúde que provoca nas mulleres, tanto física coma psicolóxica, para a súa detención precoz.
 - Formación en saúde laboral dirixida a toda a poboación feminina e masculina en idade de traballar.

Obxectivo 2

Prestarllles unha atención integral e real ás vítimas de malos tratos e/ou agresións sexuais.

- **Accións:**
 - Aplicación efectiva do protocolo de actuación socio-sanitario.
 - Realización dun informe de síntomas físicos e psíquicos de mulleres e menores maltratadas/os para o persoal sanitario de atención primaria. Incluíranse tanto os síntomas físicos coma os psíquicos (máis difíciles de detectar), para unha detención rápida de posibles vítimas da violencia.

- Planificación de campañas de sensibilización sobre os malos tratos, instando a súa denuncia como delitos que son.
- Formación do persoal médico, xurídico e social na visión dos malos tratos dende unha perspectiva de xénero.
- Atención preferente de mulleres vítimas de malos tratos, con asesoramento dos recursos existentes.

Obxectivo 3

Promoción de hábitos saudables dirixida a mulleres, tendo en conta a súa idade e situación.

- **Accións:**

- Campañas de educación para o consumo, tanto para homes como para mulleres, dirixidas segundo franxas de idade.
- Realización de charlas informativas de educación sanitaria para o grupo de mulleres na menopausa, co fin de mellorar a súa saúde e a súa calidade de vida.
- Potenciación de actividades sobre educación para a saúde, tanto en alimentación coma na práctica de exercicio e no control da ansiedade ou estrés.
- Atención específica a mulleres de minorías étnicas.

Obxectivo 4

Atender de maneira específica a saúde das mulleres e non reducila unicamente ao aspecto da concepción.

- **Accións:**

- Cursos específicos para mulleres cuidadoras: saúde mental, primeiros auxilios, control da farmacoloxía, autocoidados para a súa propia saúde...
- Atención integral a xestantes, dende a preparación ao parto ata a atención de posibles depresións posparto.
- Promover o asociacionismo e a creación de grupos de autoaxuda de mulleres en relación coa saúde.

Obxectivo 5

Involucrar ós homes na atención e no coidado das/os fillas/os e na planificación familiar, como unha tarefa que se ha compartir.

- **Accións:**

- Cursos dirixidos a futuras/os nais e pais sobre o coidado e a atención compartida do bebé e a transmisión de valores igualitarios que preveñan a violencia e a discriminación.
- Realización de campañas, obradoiros... relativos á mutua implicación dos membros da parella en anticoncepción, controis de xestación...

Obxectivo 6

Reducir as listas de espera e as longas colas na atención primaria, pediátrica e xinecolóxica.

- **Accións:**

- Dotación tanto ao Centro de Saúde como á Fundación Hospital Verín dos medios técnicos e humanos necesarios para garantir unha atención sanitaria de calidade, incluíndo unha ampliación de horarios.
- Resolución das situacións de emerxencia.

Obxectivo 7

Impulsar a visibilización das mulleres en todas as actuacións dependentes de saúde.

- **Accións:**

- Utilización de imaxes, símbolos e linguaxe non sexista en todos os documentos, comunicacións, carteis, folletos... que se editen dende saúde de Verín.
- Esixencia da variable de sexo en todos os rexistros que dependan de saúde.
- Inclusión nas bases que se elaboren para a contratación de empresas ou de persoas que desenvolvan as actividades de saúde, con criterios preferentes para aquelas que establezan unha cota mínima para mulleres entre o seu persoal, que teñan instauradas medidas positivas para o seu persoal feminino na súa política de recursos humanos ou que primen a contratación de mulleres.

3. EDUCACIÓN

En Verín, existen varios centros de ensino regrado públicos e privados que abarcan dende a educación infantil ata a educación secundaria; pero, evidentemente, non están pensados para mulleres adultas que desexen iniciar ou mellorar a súa formación. Ademais, cabe destacar que en Verín o nivel formativo das mulleres é inferior ao dos homes, o que se manifesta nunha taxa de analfabetismo superior, xa que de cada 10 persoas que non saben ler nin escribir, 7 son mulleres. Comparándoa coa media galega, a taxa de analfabetismo relativa a ambos os dous sexos tamén resulta ser superior. Os datos referentes á distribución da poboación segundo o nivel educativo amosan certas carencias formativas con respecto ás mulleres, sobre todo nos niveis máis básicos, que se van equilibrando e incluso superando nos niveis superiores ao bacharelato. Tendo en conta as titulacións académicas, atopámonos con que as mulleres son maioría naqueles estudos relacionados co ámbito social ou sanitario, mentres que os homes ocupan en maior medida carreiras técnicas ou científicas.

E é que a educación é o contorno principal onde se transmiten os valores e crenzas sociais e culturais dunha sociedade. E a escola é o marco ideal para a construción dunha sociedade igualitaria.

Aínda que se avanzou na educación non sexista, é preciso seguir traballando. Por iso é necesaria a coeducación, que vai máis alá cá escola mixta, e que se asenta baixo o recoñecemento das potencialidades e individualidades de nenas e nenos, con independencia do seu sexo. Significa rexeitar calquera tipo de discriminación.

Se queremos consolidar unha sociedade máis xusta e igualitaria, na que non caiba discriminación nin violencia de ningún tipo, debemos incorporar modelos coeducadores en todos os niveis do sistema educativo.

Obxectivo xeral

Crear unha sociedade futura non sexista nin estereotipada na que mulleres e homes alcancemos por igual as nosas metas e obxectivos, nun contorno de respecto e tolerancia que elimine toda forma de violencia.

Obxectivos específicos

Obxectivo I

Implicar ó profesorado, ó Consello Escolar, ás asociacións de pais/nais... na implantación da coeducación.

● **Accións:**

- Difusión do II Plan de Igualdade de Oportunidades nos centros escolares e, sobre todo, entre o profesorado para que o transmita ao alumnado.
- Impartición de obradoiros de coeducación ao alumnado, específicos para cada grupo de idade.
- Realización de charlas de sensibilización e formación para as asociacións de pais/nais e o profesorado sobre a crucial importancia da coeducación en todos os ámbitos (corresponsabilidade, orientación laboral non sexista...) como área transversal, tanto na escola coma nun marco social e familiar.
- Formación do profesorado para a utilización dunha linguaxe non sexista e difusión na escola de experiencias positivas en coeducación levadas a cabo noutros centros escolares.
- Colaboración cos centros escolares no asesoramento de material didáctico para o profesorado, que fomente a aprendizaxe para a corresponsabilidade nos ámbitos privado e público.
- Impulso da participación dos centros escolares en cantas actividades organice o municipio sobre igualdade de oportunidades.

Obxectivo 2

Eliminar os estereotipos que xiran arredor da educación sexista.

● **Accións:**

- Planificación de cursos de desenvolvemento de habilidades sociais, autoestima... para a poboación feminina.
- Realización de campañas de sensibilización sobre o papel relevante de moitas mulleres en sectores masculinizados, creando un modelo de referencia para xeracións presentes e futuras.
- Promoción dos estudos e profesións científicas e tecnolóxicas entre as estudantes de Verín.
- Creación de instrumentos para a introdución da ética do coidado e a corresponsabilidade nos modelos de educación masculina, tanto na escola coma fóra dela.

- Incremento das prazas nas escolas infantís de 0 a 3 anos, flexibilizando os horarios.
- Reserva dun número de prazas nas escolas infantís, na escola e no instituto para mulleres soas con cargas familiares.
- Difusión de campañas de sensibilización sobre situacións de discriminación, levadas a cabo dende a Concellería de Sanidade, Servizos Sociais e Política de Igualdade: violencia contra as mulleres, corresponsabilidade, linguaxe non sexista....
- Sensibilización, tanto ao profesorado como ás familias, respecto da importancia do xogo como elemento construtivo da personalidade, facendo especial referencia aos xogos relacionados co ámbito doméstico e público.

Obxectivo 3

Conseguir actitudes e pensamentos igualitarios na poboación infantil e xuvenil de Verín.

• *Accións:*

- Elaboración dunha listaxe bibliográfica con contos, libros e material de traballo con contido non sexista.
- Incorporación de libros de texto e material didáctico non sexista na biblioteca escolar e na biblioteca municipal.
- Organización de obradoiros, xornadas, concursos... escolares de concienciación das situacións discriminatorias que existen hoxe en día.
- Concienciación da poboación escolar de Verín sobre a dignidade do traballo no fogar.
- Formación dirixida á poboación infantil e xuvenil sobre a corresponsabilidade das tarefas do fogar e en hábitos de coidado.
- Realización de obradoiros, actividades..., dirixidas a previr e a erradicar comportamentos agresivos no alumnado.
- Formación dirixida ás estudantes femininas sobre a toma de decisións e o exercicio do poder público.
- Sensibilización da poboación relacionada con actividades de ocio e tempo de lecer (escolas de tempo libre, asociacións xuvenís, monitoras/es de tempo libre, persoal encargado da ludoteca...) sobre coeducación e comportamentos igualitarios.

- Instauración de concursos escolares sobre prácticas igualitarias: corresponsabilidade, participación social, tolerancia fronte á violencia...

Obxectivo 4

Favorecer a incorporación das mulleres adultas a todos os niveis e porcións do sistema educativo, cunha perspectiva de xénero.

- **Accións:**

- Formación en coeducación ao profesorado que imparte educación para persoas adultas.
- Difusión do II Plan de Igualdade entre a poboación adulta.
- Potenciación do acceso a todos os niveis de formación, tanto regrada como non, da poboación adulta feminina, creando canles de animación e información.
- Planificación de cursos de alfabetización para persoas sen estudos.
- Oferta de cursos dirixidos a cubrir as demandas de todos os grupos de poboación: de promoción persoal, de ocio produtivo, sobre igualdade de oportunidades, de carácter sociocultural, de corresponsabilidade...
- Esixencia da variable de sexo en todos os rexistros que dependan de educación.
- Inclusión nas bases que se elaboren para a contratación de empresas ou de persoas que desenvolvan as actividades de educación, con criterios preferentes para aquelas que establezan unha cota mínima para mulleres entre o seu persoal, que teñan instauradas medidas positivas para o seu persoal feminino na súa política de recursos humanos ou que primen a contratación de mulleres.

Obxectivo 5

Impulsar a práctica feminina de instrumentos musicais “masculinizados” e, asemade, apoiar a entrada de máis homes naqueles nos que a súa participación é menor.

- **Accións:**

- Planificación dunha orientación musical con perspectiva de xénero, baseada en habilidades persoais e non na pertenza do alumnado a un ou a outro xénero.

- Fomento da práctica feminina de instrumentos nos que están subrepresentadas, así como da práctica masculina naqueles instrumentos "feminizados".

4. CULTURA

No que atinxe á participación feminina nas actividades permanentes do Servizo Municipal de Cultura e Educación (Escola de Artes e Oficios, Conservatorio Elemental de Música, Escola de Música e Danza Tradicional...), obsérvase unha maior presenza de mulleres, excepto nos cursos de gaita e percusión, onde a participación segue a ser minoritaria con respecto aos homes.

É obvio que se produciron grandes cambios respecto do acceso das mulleres á cultura, pero aínda queda moito camiño por facer. Debido á distribución desigual de papeis entre homes e mulleres, todo espazo público (no que queda incluído a cultura) quedou afastado do ámbito das mulleres.

Debemos potenciar que o acceso á cultura sexa en igualdade de condicións, atendendo aos obstáculos que ten a muller para acceder a ela.

Debemos lograr un recoñecemento pleno ao dereito de toda muller a desfrutar do seu tempo de lecer activamente.

Temos que visibilizar a figura das mulleres e a súa achega á cultura.

Obxectivo xeral

Deseñar a política cultural do Concello, tendo en conta a poboación feminina en canto a horarios e tipo de actividades, impulsando aquelas que reafirmen a igualdade entre os sexos e eliminando toda discriminación na linguaxe, imaxes e símbolos.

Obxectivos específicos

Obxectivo 1

Achegar a cultura ás mulleres de Verín.

• **Accións:**

- Organización de actividades culturais relacionadas coa igualdade de oportunidades durante todo o ano e, en especial, durante o 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, e o 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia contra a Muller.
- Ampliación da franxa horaria para poder compatibilizar as actividades coas responsabilidades laborais e familiares.

- Dotación á ludoteca (se fose permanente) dos medios técnicos e humanos necesarios para que sexa utilizada como gardería durante os horarios das actividades culturais programadas.
- Potenciación da cultura feita por mulleres e sobre mulleres.
- Organización de obradoiros de iniciación á lectura para mulleres adultas.
- Planificación de actividades demandadas por mulleres.
- Reivindicación do papel da muller na vida e na historia.
- Achegamento da información da cultura aos espazos frecuentados por mulleres.
- Establecemento de convocatorias ou certames que promovan a creación artística das mulleres e/ou sobre temas de mulleres co transfondo da igualdade.
- Fomentar o debate sobre a igualdade de sexos mediante a creación de certames, concursos... con certa periodicidade.
- Dotación á biblioteca municipal e á escola de libros e materiais sobre igualdade de oportunidades en todas as áreas, identificándoos para o seu coñecemento e utilización.
- Organización de actividades para realizalas en familia.

Obxectivo 2

Planificar as actividades culturais dende o Concello con perspectiva de xénero, eliminando toda expresión, símbolo ou imaxe sexista.

• *Accións:*

- Formación en linguaxe non sexista e en planificación da cultura dende a perspectiva de xénero ao persoal do Concello, así como ao voluntariado xuvenil, monitores/as de tempo libre e persoas que planifiquen actividades culturais en Verín.
- Revisión periódica de todo documento que saia de Cultura, para que sempre se transmita unha imaxe igualitaria dos dous sexos.
- Esixencia da variable de sexo en todos os rexistros que dependan de Cultura.

- Inclusión nas bases que se elaboren para a contratación de empresas ou de persoas que desenvolvan as actividades de cultura, con criterios preferentes para aquelas que establezan unha cota mínima para mulleres entre o seu persoal, que teñan instauradas medidas positivas para o seu persoal feminino na súa política de recursos humanos ou que primen a contratación de mulleres.

Obxectivo 3

Concienciar a sociedade do dereito de toda muller de dispoñer de tempo de lecer e de ocupar o seu ocio activamente.

- **Accións:**
 - Programación de actividades que favorezan o desenvolvemento de habilidades sociais, a autoestima e a creatividade, para o efectivo desenvolvemento das súas capacidades.

5. BENESTAR SOCIAL

Na análise da poboación beneficiaria dos servizos sociais, pódense facer as seguintes apreciacións:

- Cabe destacar, respecto das prestacións e da inserción social, agás nalgún caso, a maior presenza de mulleres dentro do colectivo beneficiario. Así, tanto nas pensións non contributivas coma nas axudas para a cobertura de situacións carenciais (Risga, emerxencia social...), a porcentaxe de mulleres é bastante superior á dos homes.
- Respecto dos programas especificamente dirixidos ás persoas maiores, a maioría da poboación beneficiaria de axuda a domicilio son mulleres.
- En canto á teleasistencia, as mulleres supoñen unha cifra significativamente maior que os homes, sobre un total de 42 persoas beneficiarias.
- Así mesmo, o programa de repartimento de alimentos levado a cabo por Cruz Vermella afecta, sobre todo, a mulleres (136 mulleres fronte a 81 homes).
- No que se refire á familia, tanto as axudas de apoio coma de prevención foron destinadas na súa maioría a mulleres.
- Noutras xestións de carácter externo ao sistema, como a axuda para cubrir os impresos de diversas solicitudes, tamén as mulleres supuxeron unha maioría con respecto aos homes.

O papel de cuidadora da familia que a sociedade lle outorga á muller fai que sexa usuaria predominante nos servizos sociais. Así, a demanda máis frecuente presentada polas mulleres refírese a recursos complementarios para a cobertura de necesidades de subsistencia, tanto para prestacións de carácter periódico como non periódico, das que resultan beneficiados todos os membros da familia.

Por outro lado, a pobreza segue feminizada na nosa vila, co que as mulleres son dobremente vulnerables e vai aumentando conforme nacen novas estruturas sociais que se unen ás xa existentes, conformando diferentes grupos de dobre exclusión: mulleres soas con cargas familiares, viúvas con pagas mínimas, mulleres discapacitadas, prostituídas, inmigrantes sen recursos...

Por todo isto, faise necesario articular medidas que palién esta dobre desigualdade, conxugando a variable de sexo con outras causas da exclusión: etnia, raza, xestantes soas...

Obxectivo xeral

Programar actividades de benestar social, tendo como referencia as características propias de cada grupo de idade do colectivo feminino, con especial atención a aquelas mulleres que se atopan en situacións precarias e de exclusión social e ás que teñan ao seu cargo persoas dependentes, creando para iso os servizos oportunos.

Obxectivos específicos

Obxectivo I

Promover medidas de inserción para mulleres en situación de exclusión, evitando a progresiva feminización da pobreza.

Accións:

- Coordinación entre as diferentes concellerías para a priorización á hora da formación, da reserva de prazas en escolas infantís, nos diferentes colexios e nos institutos e contratación de mulleres soas con cargas familiares, vítimas de malos tratos, inmigrantes sen recursos...
- Coordinación con Urbanismo para a adxudicación preferente de pisos de VPD a mulleres en situación de exclusión.
- Formación ao persoal técnico dos servizos sociais en perspectiva de xénero polo que supón unha marxinalidade engadida.
- Promoción da participación destas mulleres na vida cidadá e asociativa, impulsando as actividades, cursos, obradoiros... que se organizan dende todos os servizos municipais.
- Deseño de programas de apoio a mulleres anciás.
- Creación de programas específicos para mulleres prostituídas, apoiando a súa reinserción laboral e social.
- Realización de campañas de sensibilización sobre a solidariedade e a integración dos diferentes grupos sociais, en especial das súas mulleres.
- Potenciación de obradoiros e cursos de desenvolvemento de habilidades sociais e autoestima para mulleres en situación de exclusión social.
- Atención preferente dende os servizos sociais ante situacións de emerxencia que sufran estas mulleres.
- Apoio a colectivos que traballen con mulleres xitanas.

- Estudo do problema cada vez máis crecente das “avoas canguro” e a súa perda de benestar, pola ausencia de medidas de conciliación da vida laboral e familiar.

Obxectivo 2

Sensibilizar a poboación de Verín sobre a dobre discriminación que sofren as mulleres en situación de exclusión social, fomentando unha sociedade igualitaria e tolerante coas diferenzas individuais de cada persoa.

- **Accións:**
 - Fomento da creación de grupos de apoio a mulleres excluídas, subvencionando actividades dirixidas a elas.

Obxectivo 3

Visibilización dos problemas das mulleres.

- **Accións:**
 - Esixencia da variable de sexo en todos os rexistros que dependan de servizos sociais.
 - Inclusión nas bases que se elaboren para a contratación de empresas ou de persoas que desenvolvan as actividades de servizos sociais, con criterios preferentes para aquelas que establezan unha cota mínima para mulleres entre o seu persoal, que teñan instauradas medidas positivas para o seu persoal feminino na súa política de recursos humanos ou que primen a contratación de mulleres.
 - Revalorización do papel das mulleres na contribución ao desenvolvemento social, mediante a organización de actividades que amosen o labor das mulleres en diferentes países do mundo.

6. TRABALLO

En Verín, as taxas femininas de actividade e ocupación son moi inferiores ás masculinas e ás do resto de mulleres galegas. Como primeiros trazos en referencia ao mercado laboral, apréciase que as mulleres enfrontan condicións notablemente máis desfavorables que os homes e a taxa de paro feminino é moi superior no eido municipal (abarca o 68,32% da poboación parada do concello).

A actividade principal das mulleres do concello de Verín é o sector servizos: o comercio, a hostalería e a industria manufactureira baseada no téxtil. Por outra banda, as actividades nas que existe maior representación feminina son aquelas relacionadas coa educación, a sanidade e a prestación de servizos sociais. Así mesmo, os postos relativos á construción, o transporte ou a agricultura están ocupados, fundamentalmente, por homes.

A taxa de paro feminino dobra, normalmente, a masculina. Aínda que a incorporación da muller ao mercado laboral se foi desenvolvendo paulatinamente ao longo das últimas décadas, é evidente que nin as condicións de acceso, nin o posto, nin a retribución se deron en igualdade de condicións que os homes. Segundo as estatísticas, a muller cobra un 30% menos que o home no mesmo posto de traballo. Os postos de traballo para as mulleres son os de menor cualificación e, normalmente, os dedicados ao coidado e á limpeza. E o ascenso a postos de responsabilidade normalmente estalles vetado ás mulleres.

Debemos velar para que esas diferenzas se reduzan e para que se adopten medidas que potencien a conciliación da vida laboral e familiar.

Obxectivo xeral

Reducir os índices de paro feminino de Verín, promovendo accións que adecúen a oferta á demanda e que impulsen a contratación feminina.

Obxectivo específico

Obxectivo I

Potenciar e facilitar a incorporación da muller de Verín ao mercado laboral.

• **Accións:**

- Promoción de programas de formación e cualificación profesional, incidindo particularmente en profesións que constitúan novos leitos de emprego e que teñan carácter innovador (novas tecnoloxías...).
- Adaptación do paro feminino de Verín á oferta de emprego existente na comunidade, ofertando formación de reciclaxe. Impulso á consecución do carné de conducir.
- Creación de bolsas de traballo para ofertas difíciles de cubrir.
- Difusión do Centro de Información Municipal á Muller entre as mulleres de Verín e dotación de máis medios técnicos e humanos para unha adecuada atención.
- Inclusión nas bases que se elaboren para a contratación de empresas ou de persoas que desenvolvan as actividades de saúde, con criterios preferentes para aquelas que establezan unha cota mínima para mulleres entre o seu persoal, que teñan instauradas medidas positivas para o seu persoal feminino na súa política de recursos humanos ou que primen a contratación de mulleres.
- Planificación de campañas de sensibilización entre o empresariado de Verín, co fin de promover a igualdade de oportunidades no emprego e de erradicar a discriminación por razóns de sexo, impulsando a contratación de mulleres ante perfís iguais.
- Canalización das denuncias de discriminación directa ou indirecta por razóns de sexo á hora da contratación.

- Resolución dos obstáculos indirectos que teñen as mulleres para o acceso pleno ao emprego (horario de traballo, transporte, horario das escolas infantís, coidado de persoas dependentes...).
- Elaboración e difusión entre toda a poboación dunha guía con subvencións, axudas e bonificacións que teñen as empresas á hora de contratar mulleres.
- Primacía, na contratación por parte do Concello e de empresas subcontratadas por este, de mulleres con cargas familiares ou vítimas de malos tratos.
- Formación ao persoal técnico que xestiona traballo en materia de igualdade de oportunidades.

Obxectivo 2

Mellorar as condicións laborais da muller na localidade.

- **Accións:**
 - Información e asesoramento sobre o acoso sexual no traballo ás mulleres. Apoio ás afectadas, acompañamento e asistencia xurídica e psicolóxica.
 - Difusión entre as mulleres do municipio dos dereitos laborais que ten toda muller traballadora (permisos, excedencias, axudas...).
 - Fomento dunha campaña de aplicación da normativa legal sobre o servizo doméstico, vixiando o seu cumprimento.
 - Formación en habilidades sociais e técnicas de liderado para mulleres que desexen promoverse no seu traballo.
 - Planificación de campañas de sensibilización sobre as vantaxes da conciliación entre a vida familiar e a vida laboral, difundindo medidas positivas adoptadas polas empresas da comarca.
 - Ampliación da oferta lúdica, educativa e asistencial para persoas dependentes, adaptándose aos horarios laborais de nais e pais.

Obxectivo 3

Potenciar a actividade emprendedora das mulleres de Verín.

- **Accións:**
 - Difusión das axudas autonómicas e estatais para a creación de empresas por mulleres.

7. URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

As mulleres queren unha cidade máis habitable, onde sexa fácil a convivencia – igualitaria e equilibrada–, con dotacións e con parques e comercios próximos á vivenda (vivendas de protección oficial máis céntricas) e un bo transporte público (é moi deficitario, a estación de autobuses quedou pequena, os horarios son escasos, non hai bos enlaces, nin autobuses directos...). Ademais, a iluminación nalgunhas rúas é moi deficitaria, necesítanse zonas verdes e de lecer, mellores condicións nos ríos da comarca, máis limpeza das rúas e acondicionar rutas para pasear.

O espazo, tanto público coma privado, é usado de moi diferente xeito polos homes e polas mulleres, aspecto que se debe ter en conta á hora de planificar a distribución do municipio, das vivendas e dos espazos.

As mulleres realizan un maior número de desprazamentos, con diferentes horarios que os homes e, ademais, utilizan outros medios de transporte. Os núcleos familiares cambiaron, polo que deben cambiar tamén as vivendas que os acollen e a súa distribución. Os espazos deben quedar libres de barreiras arquitectónicas. E está, en último termo, o tema da seguridade das mulleres sobre todo pola noite.

Debemos conectar esas realidades coa planificación da política de urbanismo, co fin de lograr unha mellor calidade de vida para toda a cidadanía de Verín.

Obxectivo xeral

Incorporar os problemas das mulleres e as súas necesidades á hora de elaborar o deseño do municipio, tanto dos espazos públicos coma dos privados, ou de transporte, eliminando as barreiras existentes, sexan arquitectónicas ou culturais.

Obxectivos específicos

Obxectivo I

Facilitar o acceso das mulleres aos servizos públicos e sociais, contribuíndo á configuración dun espazo urbano que facilite a súa participación en todos os asuntos do municipio.

- *Accións:*

- Impulso de estudos e análises diferenciados por xénero que reflectan os problemas da vida cotiá que afecten as mulleres, incluíndo propostas de mellora.
- Eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas existentes hoxe en día nas rúas e nos locais municipais que impiden a participación na vida activa das persoas con mobilidade reducida, como na Casa da Xuventude, na Casa da Cultura, na Biblioteca Municipal...
- Garantir unha maior seguridade e comodidade no municipio, cunha mellora da iluminación nas rúas máis escuras de Verín.

Obxectivo 2

Planificar a política urbanística, atendendo os problemas das mulleres e fomentando a súa participación na organización da vila.

• *Accións:*

- Realización de cursos, xornadas de formación dirixidas ás asociacións de mulleres e ás interesadas en xeral, sobre muller e urbanismo, para aumentar a súa participación no deseño e na organización da vila.
- Formación do persoal técnico que traballe o tema de urbanismo dende a perspectiva de xénero.
- Potenciación e adecuación do uso dos camiños rurais para o gozo do tempo de lecer das mulleres, nenas/os e homes.
- Escolta na Concellería de Urbanismo das propostas das mulleres para que se teñan en conta na planificación da política urbanística de Verín.
- Creación dun punto de recollida de suxestións para a cidadanía.
- Reserva no Plan Urbanístico de Verín de chan suficiente para a creación de servizos que lles faciliten ás mulleres dispor do seu tempo (escolas infantís, centros de día ou residencias para persoas maiores ou discapacitadas, ampliación da ludoteca a todo ano...).
- Adecuación de prazas e parques ás necesidades de lecer da cidadanía, sobre todo da infancia e das persoas maiores.
- Establecemento de criterios que primen os proxectos urbanísticos futuros que teñan perspectiva de xénero.
- Ampliación e mellora das zonas verdes.

Obxectivo 3

Establecer criterios preferentes á hora da adxudicación dunha vivenda para núcleos familiares con problemática peculiar.

- **Accións:**

- Priorización da adxudicación de vivendas de VPD a mulleres vítimas de malos tratos, mulleres soas con cargas familiares, xestantes soas...

Obxectivo 4

Visibilizar a figura feminina na actuación urbanística do concello.

- **Accións:**

- Adxudicación de nomes femininos a rúas, prazas, servizos municipais...
- Esixencia da variable de xénero en todos os rexistros que dependan de urbanismo.
- Inclusión nas bases que se elaboren para a contratación de empresas ou de persoas que desenvolvan as actividades de urbanismo, con criterios preferentes para aquelas que establezan unha cota mínima para mulleres entre o seu persoal, que teñan instauradas medidas positivas para o seu persoal feminino na súa política de recursos humanos ou que primen a contratación de mulleres.

Obxectivo 5

Impulsar a participación das mulleres na conservación do medio.

- **Accións:**

- Promover cursos, obradoiros, actividades... sobre medio natural, reciclaxe... dirixidos ás mulleres e aos homes de Verín, para que sexan parte activa na política ambiental do municipio.
- Crear canles de recollida de suxestións sobre as preocupacións e as necesidades ambientais das mulleres.

8. DEPORTES

A poboación deste municipio ten acceso aos seguintes recursos deportivos:

- Pavillón de deportes.
- Piscina climatizada.
- Pavillón vello, onde se pode practicar tenis, futbito, voleibol...
- Sauna-ximnasio.
- Piscina municipal, habilitada unicamente durante os meses de verán.
- Pistas descubertas multiusos en todas as aldeas do concello.
- Pista de motocrós en Cabreiroá.
- Ademais de varios ximnasios.

Analizando a participación deportiva por sexos en Verín, comprobamos que deportes como o aeróbic, a danza ou as actividades na piscina son maioritariamente exercidas por mulleres, mentres que musculación ou o uso de aparatos están masculinizados. O mesmo ocorre coa liga de fútbol-sala que se leva a cabo os domingos no pavillón dos deportes, onde de 12 equipos participantes só 2 son femininos.

O exercicio e a práctica deportiva por parte das mulleres viuse limitada ao longo da historia por estereotipos sexistas. As nenas e as mozas non escapan a isto. Teñen escasos modelos deportivos nos que verse reflectidas e nos medios de comunicación apenas se fai referencia aos acontecementos deportivos femininos.

É por isto necesario incidir na visibilización das mulleres na práctica deportiva, introducindo medidas que aumenten a súa participación.

Obxectivo xeral

Aumentar a participación feminina nas actividades deportivas en xeral e, en particular, naquelas nas que as mulleres, as mozas e as nenas estean subrepresentadas e tamén aumentar a participación masculina naquelas actividades deportivas “feminizadas”.

Obxectivos específicos

Obxectivo I

Eliminar os estereotipos que xiran arredor do deporte masculino e feminino.

- **Accións:**

- Realización de campañas de sensibilización dirixidas ao alumnado e ao profesorado para unha práctica dos deportes sen diferenciación de sexo, tanto na escola coma fóra dela.
- Promoción da práctica do deporte por parte da poboación feminina naquelas actividades nas que a súa participación é nula ou subrepresentada.
- Desenvolvemento de programas de formación dirixidos ao profesorado, en xeral, e a profesionais da educación física, en particular, para que se incorporen na planificación das actividades deportivas criterios de igualdade.
- Fomento da adquisición por parte das nenas e mozas dunhas condicións físicas e unha formación que posibilite a práctica continuada do deporte en idades posteriores.

Obxectivo 2

Aumentar os índices de participación deportiva feminina existentes actualmente en Verín.

- **Accións:**

- Elaboración dun documento sobre os efectos beneficiosos na saúde da práctica deportiva, dirixido a mulleres de todas as idades.
- Ampliación da oferta deportiva para todas as idades e en todos os deportes, con flexibilidade horaria, incluíndo alternativas para momentos específicos da vida das mulleres como o parto, o posparto, a menopausa...
- Impulso á creación e consolidación de asociacións e/ou clubs deportivos formados por mulleres.
- Concienciación do profesorado, Consello Escolar... da non influencia do sexo á hora tanto da elección do deporte para practicar como das actividades deportivas que planifican os centros escolares.

Obxectivo 3

Controlar os criterios de selección de persoal das empresas subcontratadas pola Concellería de Deportes, primando aquelas que se rexan por criterios igualitarios.

- **Accións:**

- Esixencia da variable de sexo en todos os rexistros que dependan da Concellería de Deportes.
- Inclusión nas bases que se elaboren para a contratación de empresas ou de persoas que desenvolvan as actividades de deportes, con criterios preferentes para aquelas que establezan unha cota mínima para mulleres entre o seu persoal, que teñan instauradas medidas positivas para o seu persoal feminino na súa política de recursos humanos ou que primen a contratación de mulleres.

9. CONCELLO

Art. 9.2. C.E.: “Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos no que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural ou social”.

Ás mulleres asignóuselles socialmente o espazo privado e aos homes o espazo público, o produtivo, o de toma de decisións. Pouco a pouco, a muller foi accedendo a esa parcela pública, aínda que con grandes dificultades, dificultades que hoxe en día seguen a existir.

O Concello, como institución política máis próxima á cidadanía, debe establecer medidas exemplificantes que teñan que ver coa igualdade entre homes e mulleres, eliminando as discriminacións existentes e impulsando medidas positivas que contrarresten esas dificultades.

Obxectivo xeral

Promover e impulsar a aplicación do principio de igualdade de oportunidades en todos os ámbitos municipais.

Obxectivos específicos

Obxectivo 1

Adoptar modelos igualitarios na actuación de todo o persoal do Concello, nas súas resolucións e comunicacións.

● **Accións:**

- Eliminación dos contidos discriminatorios da linguaxe administrativa e realizar un seguimento para evitar o uso dunha linguaxe sexista nas publicacións periódicas ou puntuais de información xeral que edite o Concello, así como de imaxes ou símbolos discriminatorios.
- Potenciación da sensibilización de toda a Administración local en igualdade de oportunidades, mediante xornadas formativas de xénero, seminarios e cursos dirixidos ao persoal funcionario, laboral e político.

- Introducción na negociación colectiva do Concello de Verín do principio de igualdade de oportunidades e a regulación de xeito expreso da figura do “acoso sexual” e de risco durante o embarazo.
- Formación da Policía local sobre unha intervención con perspectiva de xénero, na atención e recollida de denuncias de malos tratos e agresións sexuais.

Obxectivo 2

Favorecer a información e o acceso aos recursos existentes no concello de Verín.

• *Accións:*

- Elaboración dun boletín informativo con todos os servizos municipais e doutras administracións, especificando as súas funcións, a súa situación, o seu teléfono..., en todos os idiomas posibles, para entregarse con carácter obrigatorio e coa súa explicación correspondente á hora do empadramento.
- Establecemento duns horarios máis amplos e flexibles para os servizos municipais que sexan compatibles cos horarios de traballo.
- Dotación dos medios técnicos e humanos necesarios para que todos os servizos municipais lle presten unha asistencia de calidade e con prontitude á cidadanía.

Obxectivo 3

Desenvolvemento dunha política activa que teña como base o principio de igualdade de oportunidades na contratación, formación e promoción do persoal do Concello de Verín.

• *Accións:*

- Revisión periódica das condicións da oferta de emprego do Concello, establecendo sempre mecanismos que garantan o principio de igualdade nesta, primando a contratación de mulleres en iguais condicións e establecendo criterios preferentes para mulleres soas con cargas familiares, vítimas dos malos tratos...

- Revisión das bases de contratación de empresas de servizos, establecendo criterios que primen aquelas nas que preveza o cadro feminino e que exerzan accións positivas a favor da conciliación, contratación feminina...
- Realización dun estudo sobre a presenza de mulleres nos diferentes niveis, responsabilidade tanto do Concello coma dos servizos municipais e empresas subcontratadas.
- Esixencia do establecemento da variable de xénero en cantos estudos, informes... realice tanto o Concello como os seus organismos dependentes, empresas, asociacións...

Obxectivo 4

Sensibilizar a poboación de Verín no principio de igualdade de oportunidades, promovendo unha actitude crítica acerca do papel tradicional asignado a mulleres e a homes.

● ***Accións:***

- Declaracións do Concello en apoio ás loitas das mulleres nas súas diferentes manifestacións (8 de marzo, 25 de novembro...).
- Desenvolvemento de campañas de sensibilización sobre a necesaria corresponsabilidade de mulleres e homes no repartimento das tarefas, tanto no ámbito privado coma no público, así como sobre coeducación, violencia contra as mulleres e participación das mulleres nos postos de decisión, mediante a difusión de imaxes de homes e mulleres en profesións ou papeis nos que están subrepresentadas.
- Canalización das denuncias que se realicen sobre a publicidade sexista e promover a retirada dos anuncios que a conteñan.
- Ampliación do horario e tempo da ludoteca municipal que libere as nais e avoas do coidado dos/as nenos/as durante un determinado tempo e que lles permita acudir a cantas actividades organice o Concello, que coincidirán sempre co horario desta.
- Creación dunha escola infantil municipal.
- Promoción de actividades de sensibilización dirixidas ao colectivo masculino, mostrando unha nova concepción da masculinidade dende a corresponsabilidade, a tolerancia e o tratamento cara á muller como un ser igual ao home.

Obxectivo 5

Promover a participación e a presenza activa das mulleres en Verín.

- *Accións:*
 - Realización dun estudo periódico sobre a presenza das mulleres da vila.
 - Incentivar as organizacións tanto públicas como privadas para que as mulleres estean tamén representadas nos postos directivos.

10. INMIGRACIÓN

Dos 14.021 habitantes que ten Verín, hai 1.417 inmigrantes censados/as e, deses/as inmigrantes, 742 son mulleres procedentes, sobre todo, de Portugal, Brasil e Colombia.

Se as mulleres somos un sector social vulnerable, as mulleres inmigrantes sono aínda máis. Ao feito de ter que emigrar do seu país de orixe na busca dun futuro mellor, debemos engadirlle en moitos casos un idioma descoñecido, uns costumes moi diferentes aos seus... Os seus fillos e fillas e a súa parella, no traballo e na escola, teñen posibilidades de relacionarse coas persoas que os rodean, pero elas non o teñen tan fácil, sobre todo se non traballan fora da súa casa ou se realizan traballos de limpeza ou atención de menores ou persoas anciáns, traballos normalmente precarios que as illan do exterior.

Debido ao aumento espectacular nos últimos anos da poboación inmigrante en Verín, debemos prestarlles unha especial atención a estas mulleres que sofren unha dobre exclusión, como mulleres e como inmigrantes.

Obxectivo xeral

Mellorar a atención do colectivo inmigrante feminino de Verín, pondo especial interese na súa problemática e respectando as súas especificidades culturais.

Obxectivos específicos

Obxectivo I

Conseguir un achegamento das mulleres inmigrantes á realidade social e cultural de Verín.

- **Accións:**
 - Organización de cursos de alfabetización e aprendizaxe do castelán e do galego.
 - Difusión entre a poboación inmigrante de información sobre os recursos municipais en varios idiomas para a súa comprensión por toda a poboación inmigrante.

- Intercambio cultural entre mulleres inmigrantes e nacionais sobre costumes, experiencias, formas de vida, ideoloxías, cociña...
- Creación de grupos de apoio que faciliten a integración e o acollemento comunitario.
- Difusión da cultura, costumes... da poboación inmigrante de Verín, como enriquecemento de toda a poboación.
- Formación do persoal técnico do Concello e de todas as súas áreas nos costumes das poboacións inmigrantes máis representativas en Verín, para unha mellor atención.

POSTA EN MARCHA, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Posta en marcha:

Tras a aprobación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Verín polo Pleno do Concello de Verín, iníciase a súa posta en marcha. Tanto se se aproba como se non, están previstas accións para desenvolver incluídas no segundo plan (algunhas xa desenvolvidas). É importante dar a coñecer o contido do segundo plan e que nos sensibilicemos da súa importancia para o desenvolvemento da nosa sociedade e de xeracións futuras.

Seguimento:

Dende a Concellería de Sanidade, Servizos Sociais e Políticas de Igualdade e o Centro de Información á Muller, realizaranse seguimentos semestrais para unha concreción das actividades realizadas ou planificadas en cada área a prol do desenvolvemento do segundo plan.

Avaliación:

Realizaranse avaliacións anuais baseadas nas memorias realizadas por cada área. Estableceranse cuantificadores cualitativos e/ou cualitativos en función de cada actividade deseñada ata que poida ser avaliada, introducindo se é o caso as melloras pertinentes ou dando por solucionados temas xa tratados en profundidade.

A avaliación, atendendo ás liñas de actuación, estudará tanto os procesos coma os resultados e o impacto acadado na poboación.

Dos procesos avaliaremos:

- Actividades.
- Programas.
- Servizos.

Segundo o tema para tratar, os indicadores serían:

- Familia.
- Educación.
- Emprego.
- Participación na toma de decisións.
- Xestión do tempo.
- Calidade de vida.
- Actitudes.
- Estereotipos.
- Valores.

En canto aos resultados, existen diferentes indicadores:

- Se hai actuacións de información e sensibilización existen indicadores, tales como:
 - Identificación da calidade.
 - Identificación do nivel.
 - Identificación da utilidade, etc.
- Se hai formación:
 - Aplicación dos contidos.
 - Capacitación acadada.
 - Idoneidade.
 - Utilidade dos coñecementos, etc.

- Se se produciu unha investigación e/ou avaliación:
 - Os resultados obtidos.
 - A súa aplicación.
 - As adaptacións realizadas, etc.

- Se hai impulso e coordinación:
 - A satisfaccións dos/as usuarios/as.
 - As necesidades cubertas.
 - A participación.
 - A eficacia.
 - A efectividade.
 - Os cambios de actitude.
 - Os cambios de comportamento.

Para rematar, realizarase unha avaliación final do segundo plan, unha vez que transcorra a duración prevista 2004-2007. Esta avaliación basearase nun estudo sociolóxico sobre os temas tratados e no impacto das actuacións levadas a cabo para a poboación de Verín.